



NOTA INFORMATIVA

[ICA Santiago de Compostela, 14 de setembro de 2018]

1. BOLSAS PARA ASISTIR ÁS VI XORNADAS DE AVOGADOS E AVOGADAS DE VIOLENCIA DE XÉNERO

O Consello Xeral da Avogacía Española presentou a programación das VI Xornadas de Avogados e Avogadas de Violencia de Xénero, que ten como fin principal ofrecer unha formación específica na materia para os avogados e avogadas que compoñen os servizos colexiais especializados en atención ás vítimas de violencia de xénero.

Días: 4 e 5 de outubro

Lugar: Reus

Custo: 120 € (máis opción de adscrición á cea do xoves 4 por 33 €)

Prazo de inscrición: ata o luns 24 de setembro

Máis información e inscrición en: <https://www.abogacia.es/site/jornadas-violencia-genero-2018/>

A Xunta de Goberno, na sesión do día 13.09.2018, acordou conceder 4 bolsas dotadas con 400 euros para sufragar os gastos de inscrición e asistencia a estas xornadas. As bolsas serán adxudicadas de acordo cos seguintes criterios:

- 1º) Terán preferencia as colexiadas e colexiados que forman parte da quenda de violencia de xénero.
- 2º) No caso de presentarse máis de catro solicitudes, terán preferencia aquelas colexiadas e colexiados con maior antigüidade nesta quenda e, de ser necesario, primarán entre elas as persoas que aínda non fosen beneficiarias destas bolsas en edicións anteriores das xornadas.
- 3º) O aboamento das bolsas realizarase unha vez xustificada debidamente a asistencia ás xornadas.

2. DEDICACIÓN E NOMENCLATURA DAS NOVAS SALAS DE XUNTAS

A Xunta de Goberno, na sesión do 13.09.2018, tomou o acordo de dedicar as dúas salas de xuntas do colexio aos anteriores decanos, Evaristo Nogueira (pai e fillo) e Javier Álvarez-Santullano, en recoñecemento ao seu labor no cargo. En consecuencia, os despachos pasarán a denominarse:

Sala 1: Evaristo Nogueira (decanos)

Sala 2: Javier Álvarez-Santullano

Como xa vos adiantamos, os despachos xa están dispoñibles para o uso de todos os colexiados e colexiadas no horario habitual de oficina. É recomendable contactar coa secretaría do colexio para confirmar dispoñibilidade e a reserva das salas.

Nas nosas redes sociais poderedes atopar máis información e fotos destas salas.

- Twitter
- Facebook